

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO 2026.- OURENSE

A Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Ourense, convoca o Concurso de Comparsas do ENTROIDO 2026, de acordo coas seguintes bases:

1. A participación implica a aceptación destas bases e está aberta a todas as asociacións de veciñas e veciños, culturais ou xuvenís, grupos, colexios etc. As cuestións de dúbida, interpretación ou imprevistos que xurdan na aplicación destas bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura.
2. O desfile terá lugar o domingo **15 de febreiro** e o percorrido, hora e lugar de saída anunciaranse oportunamente nos medios de comunicación así como ás persoas e colectivos participantes.
3. O concurso de comparsas terá un xurado composto por un representante da Área de Artes e , un representante veciñal e persoeiros do mundo da Cultura, do deseño, da imaxe ou da comunicación. Este xurado poderá descualificar aqueles participantes que non reúnan a calidade necesaria, quedando estes sen dereito a premio e axuda.
4. Para este concurso establécense os seguintes **premios por categorías** (aos cales, por conta do/a beneficiario/a, deberáselles aplicar o desconto correspondente que marca a Lei). É imprescindible facilitar a ficha de pagamento a terceiros no prazo dos 10 días hábiles seguintes á notificación do premio. De non ser así, entenderase que o/a agraciado/a renuncia ao premio.

Comparsas con máis de 10 compoñentes.-

1º premio	1.500 €
2º premio	1.000 €
3º premio	800 €
4º premio(entregaranse 4 cuartos premios)	500 €

Comparsas con menos de 10 compoñentes.-

1º premio	500 €
-----------	-------

Especiais Comparsas.-

A máis numerosa	500 €
A máis enxeñosa	500 €

(O xurado valorará a orixinalidade nas temáticas, actualidade, animación, integración da música co tema, a sincronía, a coreografía, tanto de baile como de desfile e a interacción co público etc.)

Carrozas.-

Mellor deseño, execución e posta en escena	1.000 €
--	---------

5. Tamén haberá axudas para todos os participantes que completen o desfile e non acaden ningún premio, segundo os seguintes criterios e ata un máximo de 17.200 €:

Carrozas.-

Para cada unha delas	200 €
----------------------	-------



Comparsas.-

de 5 a 9 compoñentes	100€
de 10 a 29 compoñentes	200 €
de 30 a 49 compoñentes	300 €
de 50 compoñentes en adiante	400 €

Baseado na experiencia de anos anteriores, o xurado poderá declarar deserto algún dos anteriores premios e destinar esa contía económica a crear un ou varios accésits nalgunha categoría prevista.

O financiamento global previsto para axudas os participantes e de 17.200 euros. No caso de que o importe acumulado dos premios e axudas supere o crédito previsto procederase a un reparto proporcional do importe entre os participantes calculado a partir dos importes iniciais .

Existe RC número **202600000960** por importe de 25.000€ para facer fronte as obrigas derivadas dos premios e axudas os participantes.

6. Para o caso da utilización de carrozas, estas terán que cumprir a normativa vixente en materia de seguridade, para cuxo fin deberá acompañarse a documentación que requira o Concello para tales efectos, se prexuízo do cal:

6.1 Os materiais que se utilicen deben cumprir a normativa de seguridade e hixiene.

6.2 As carrozas deberán cumprir as seguintes normas de seguridade:

1. Cada carroza debe portar o seu extintor debidamente en regra.
2. Designarase a persoa responsable de cada carroza que asumirá a responsabilidade do procedemento da súa evacuación; e a persoa responsable da utilización do extintor, de ser o caso.
3. Documentación e características do remolque e do vehículo tractor (incluído seguro).
4. As carrozas que teñan zonas elevadas para o transporte de persoas, deberán incluír na súa estrutura unha escaleira ou rampla o suficientemente resistente para permitir a evacuación inmediata das persoas que a ocupen.

7. As inscricións das carrozas e/ou comparsas faranse a través do **Rexistro Xeral ou Sede Electrónica** do Concello e mediante os modelos de inscrición oficiais que se achegan (poderán descargarse desde www.ourense.gal)
No caso de **Asociacións ou Entidades** a inscrición farase **únicamente** a través de **Sede Electrónica**.

8. O prazo improrrogable de inscricións de carrozas e comparsas remata o **martes 10 de febreiro ás 14h.**

9. A participación nestes concursos leva implícita

- A aceptación destas bases.
- A asistencia ao acto de entrega de premios o Domingo de Entroido e a presenza de, polo menos, dous compoñentes de cada comparsa/carroza no Enterro da Sardiña o mércores 18 de febreiro, será imprescindible para percibir, no seu caso, o premio económico.





- Os/As participantes que reciban premio non terán dereito á axuda por participación.
- Non se considerará carroza un vehículo ou unha moto.

As persoas participantes autorizan o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun ficheiro xestionado polo Concello de Ourense coa finalidade de estatística. A persoa interesada poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico a cultura@ourense.es

Ourense, na data da sinatura electrónica

